



R lanza a oferta máis completa e competitiva do mercado que inclúe, no seu combo infinito Netflix, unha tableta Lenovo *Smart Tab M10 HD* con dispositivo Alexa

- *O operador galego ofrécelles agora ás/aos novas/os clientes/es que contraten o combo infinito Netflix a posibilidade de elixir entre unha tableta Lenovo *Smart Tab M10 HD* cun dispositivo Alexa incluído ou un smartphone Samsung Galaxy A12.*
- *O combo infinito Netflix é a oferta máis completa e competitiva do mercado; inclúe internet 500 megas, 2 liñas de móbil con xigas ilimitados, fixo con chamadas, TV con deco 4K e Netflix HD por só 29 € por mes durante seis meses.*
- *Co combo infinito Netflix, R ofrece a mellor calidade, coidando ao máximo a experiencia de cliente cunha oferta sinxela que ten todo o que se pode precisar.*
- *O operador galego elixiu como prescriptor o humorista e ilusionista coruñés Luis Piedrahita para lle pór cara á súa nova proposta comercial de “volta ao cole”.*

Mércores, 25 de agosto de 2021. Coincidindo coa fin do verán e o inicio da nova campaña e do curso escolar, **R** vén de lanzar a proposta máis completa do mercado e ao prezo máis competitivo, que inclúe, por **29€**, novas e exclusivas vantaxes para **os/as novos/as clientes/as** que contraten o **combo infinito Netflix**.

Agora, quen se pasen a **R** contratando o **combo infinito Netflix**, (500 megas de internet con 2 *routers* WiFi Mesh, dúas liñas móbiles con xigas ilimitados, fixo con chamadas, TV con deco 4K e Netflix por só 29 €/mes durante seis meses), disporán dunha nova vantaxe.

De xeito excepcional e só durante un período limitado, o operador galego dá a posibilidade de incluír na oferta unha tableta Lenovo *Smart Tab* M10 HD con Alexa. Ou de escoller, se se prefire, un *smartphone* Samsung Galaxy A12.

A Lenovo *Smart Tab* M10 HD con Alexa é unha tableta Android de 25,65 cm (10,1") que se converte nunha *Smart Dock* con Amazon Alexa. É dicir, que tamén ten funcións de asistente doméstico; cando non se queira usar como tableta pode funcionar como asistente doméstico ao axustarse ao altofalante Dolby Atmos, que vén incluído, e usando o asistente de voz Alexa para revisar o calendario, reproducir vídeos, música ou outras moitas funcións.

“Volta ao cole” coa maxia de Luís Piedrahita

E para lle achegar ao mercado a súa proposta comercial de **“volta ao cole”**, R optou esta vez polo humorista e ilusionista galego Luís Piedrahita, principal prescriptor arestora da nova oferta de servizos avanzados do operador galego: “A maxia de ter o mellor”, con R.



<https://www.youtube.com/watch?v=8vby5bkpiYM>

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal

